



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

**ANOTACIÓN DOS CONECTORES ENTRE
ENUNCIADOS EN *CORTEGAL, CORPUS DE TEXTOS
GALEGOS ESCRITOS POR ESTUDANTES NO ÁMBITO
ACADÉMICO***

Novembro de 2022



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

PGC2018-096069-B-I00

TÁBOA DE CONTIDOS

| | |
|--|----|
| 1 Caracterización xeral | 3 |
| 2 Dificultades relativas ao establecemento dos enunciados | 4 |
| 2.1 Punto e coma | 4 |
| 2.2 Erros no emprego dos signos de puntuación | 5 |
| 2 Dificultades relativas ao establecemento dos conectores | 8 |
| 3.1 Expresións con baixo grao de fixación | 8 |
| 3.2 Entrecruzamento con outros recursos cohesivos | 9 |
| 3.3 Vínculos externos..... | 10 |
| 4 Clasificación dos conectores | 11 |

1. Caracterización xeral

O obxectivo da anotación analizada neste documento é identificar os conectores textuais que utiliza o alumnado para unir diferentes enunciados, ou conxuntos de enunciados, nos textos que constrúe, establecendo relacións de carácter lóxico entre eles. Isto supón delimitar que entendemos por enunciado e que entendemos por conector textual.

Consideramos que un *enunciado* é a unidade mínima de comunicación. Esta unidade presenta autosuficiencia semántica e independencia sintáctica, o cal se reflicte na lingua oral mediante a posibilidade de realizar unha pausa ao final do enunciado e na lingua escrita mediante a presenza normalmente dun punto nese mesmo lugar. Prototipicamente os enunciados realízanse a través de oracións, aínda que tamén poden ser enunciados unidades carentes de verbo se presentan as características anteriormente indicadas (“Silencio!”)

Consideramos conectores textuais unha serie de elementos, de carácter monoverbal ou pluriverbal, que establecen unha relación semántica entre enunciados ou grupos de enunciados e serven, daquela, para vincular os uns cos outros. Con frecuencia, aínda que non sempre, teñen carácter parentético, de xeito que poden constituír grupo de entoación propio e, na escrita, van separados por coma se introducen o enunciado (“*Por tanto*, esta e unha moda con «data de caducidade»”) e entre comas se figuran no medio del (“No pasado, porén, isto non era así”). Con todo, hai excepcións, como por exemplo *e* e *pero*, que carecen dese valor parentético (“O chamativo dos anuncios e ofertas pasa por riba das nosas capacidades e aínda sendo conscientes, seguimos mercando. *E* diremos, quenes son os culpables?”). Os elementos de carácter pluriverbal teñen certo grao de fixación, de modo que funcionan como bloques lexicalizados que se almacenan como un todo na nosa memoria. Formalmente, os conectores textuais poden ser moi variados, por exemplo conxuncións (*pero*), sintagmas preposicionais (*por certo*), estruturas verbais (*é dicir*, adverbios (*finalmente*) etc.

Tal e como se acaba de indicar, os conectores textuais son aqueles elementos que serven para unir enunciados dentro dun texto. Agora ben, un mesmo elemento pode servir para unir elementos dentro dun enunciado ou ben para vincular enunciados. Dado que o obxectivo desta anotación é ofrecer unha ferramenta que permita coñecer os mecanismos que utiliza a/o estudante para **relacionar enunciados** (ou grupos de enunciados), unicamente marcaremos aqueles elementos que están realizando esta función. En consecuencia, anotaremos os elementos destacados en (1) e (2), pero non os destacados en (3) e (4), que serven para establecer vínculos **dentro** dun enunciado.

(1) Na sociedade actual, na que están moi de moda as dietas, que adoitan estar ligadas a facer deporte, a xente pon máis interese e infórmase cada vez máis con respecto a ese tema.

Por outra banda, os restaurantes de comida rápida seguen a abrir cada vez máis, xa que xente como os turistas nunha cidade, acoden a eles para aforrarse cartos.

(2) Sen consumo, non hai produción, porque a demanda é inexistente, e se non hai produción, pois non pode haber consumo.

Pero o que parece fácil, se o analizamos profundamente, non o é.

(3) Como se relata no texto, o consumo é unha necesidade e eso é moi certo, posto que é necesario para mercar a comida de cada día, pero **por outra banda** tamén di que serve para obter a máxima satisfacción

(4) Moitos dirán que tan só é unha moda, **pero** é necesario sinalar que a cociña e a gastronomía cambiáronlle a vida a moitas persoas

Finalmente, cómpre indicar que unicamente se anotan os conectores que establecen relacións de carácter lóxico, quedando fóra os que crean vínculos temporais. Deste xeito, etiquetárase *despois* en (5), onde a ordenación é de carácter lóxico e é intercambiable por *ademais*, pero non en (6), onde posúe un claro valor temporal.

(5) A primeira peza da cadea e o granxeiro, que inverte tempo da súa vida en alimentar ó porco. **Despois** existe unha cadea de distribuidores que se encargan de levar o produto aos supermercados, onde eu o compro.

(6) Os anos de posguerra e de franquismo foron anos de pobreza; a xente comía o que se podía permitir cociñar na súa casa. **Despois**, coa recuperación económica, a xente comezou a frecuentar máis os restaurantes

2. Dificultades relativas ao establecemento dos enunciados

2.1 Punto e coma

Como indicamos no apartado anterior, os enunciados delimitáanse na escrita normalmente mediante a presenza dun punto (seguido ou á parte). O punto e coma sitúase a medio camiño entre a coma e o punto, empregándose, entre outros contextos, para separar dúas secuencias cuxo vínculo semántico en principio é maior ca o que terían dúas secuencias delimitadas por punto. En calquera caso, o emprego de punto ou punto e coma é bastante subxectivo, de modo que en moitos casos poderían alternar. **Consideraremos que as secuencias separadas por punto e coma que teñen independencia sintáctica e autosuficiencia semántica son enunciados**, de modo que en casos como (7) e (8), marcaremos os elementos destacados como conectores textuais. **Como proba para testar o carácter de enunciado das secuencias delimitadas por punto e coma substituiremos este signo por un punto**. Se o resultado é unha construción admisible e normal, entón consideraremos que está delimitando enunciados.

(7) Ademáis, un produto máis escaso debería valer máis que un máis común, debido á lei da oferta e da demanda; **sen embargo**, unha empresa pretende vender un produto común ao mesmo prezo ca un escaso. [Proba: Ademáis, un produto máis escaso debería valer máis que un máis común, debido á lei da oferta e da demanda. **Sen embargo**, unha empresa pretende vender un produto común ao mesmo prezo ca un escaso].

(8) no tocante a súa elaboración cómpre dicir que ao longo da historia se desenvolveu buscando un mellor sabor e un maior aporte calórico; **por exemplo** na prehistoria comezouse a cociñar a carne antes comida de xeito crú. [Proba: no tocante a súa elaboración cómpre dicir que ao longo da historia se desenvolveu buscando un mellor sabor e un maior aporte calórico. **Por exemplo** na prehistoria comezouse a cociñar a carne antes comida de xeito crú].

Pola contra, se o resultado da substitución do punto e coma por punto non resulta admisible ou normal, estamos ante unha proba da carencia de independencia sintáctica e autosuficiencia semántica á que faciamos referencia máis arriba e non marcamos o conector como conector textual, como sucede nos exemplos (9), (10) e (11):

(9) Na actualidade existen diferentes profesións ligadas a diversos ámbitos da vida; estas foron as mesmas durante gran parte da historia do noso país; **aínda que** á sua vez xurdiron máis. (Proba: ??Na actualidade existen diferentes profesións ligadas a diversos ámbitos da vida; estas foron as mesmas durante gran parte da historia do noso país. **Aínda que** á sua vez xurdiron máis).

(10) Un enriquecemento cultural que nos serve para aprender e usar as diferentes técnicas gastronómicas empregadas en diferentes lugares, sen deixar de lado a nosa, por suposto; **xa que** a gastronomía e a cociña de cada sitio é o que o fai ser único nese ámbito proporcionando produtos que outros espazos non teñen. (Proba: ?? Un enriquecemento cultural que nos serve para aprender e usar as diferentes técnicas gastronómicas empregadas en diferentes lugares, sen deixar de lado a nosa, por suposto. **Xa que** a gastronomía e a cociña de cada sitio é o que o fai ser único nese ámbito proporcionando produtos que outros espazos non teñen)

(11) Na miña opinión deberíamos seguir conservando esta pluralidade na gastronomía e na cociña porque é algo moi característico dalgunhas zonas, en especial de Galicia; **polo que** hai que seguir manténdoa e melloralala cada vez máis porque é un dos rasgos característicos da nosa nación (Proba: ?? Na miña opinión deberíamos seguir conservando esta pluralidade na gastronomía e na cociña porque é algo moi característico dalgunhas zonas, en especial de Galicia. **Polo que** hai que seguir manténdoa e melloralala cada vez máis porque é un dos rasgos característicos da nosa nación).

2.2 Erros no emprego dos signos de puntuación

Debe terse en conta que un dos problemas máis frecuentes en CORTEGAL é o relativo ao emprego dos signos de puntuación. Faltan con frecuencia signos, outras veces engádense onde non deberían aparecer, e noutras ocasións empréganse uns signos en vez doutros. Así, por exemplo, en (12) emprégase un punto e coma en vez dunha coma como peche do inciso que se destaca en negriña e en (13) encontramos unha coma separando o verbo do seu obxecto directo:

(12) Moitos hemos pasado por esta fase, o cal non quere dicir que esté ben. Pero é unha etapa na que as hormonas nos controlan ao 200%; sentímonos incomprendidos, e pensamos, **relacionado co que antes cite**; que coma os nosos pais son "de outra época" ou que "as cousas han cambiado" non nos comprenden.

(13) Grazas a estos motivos, **eu penso, que** a cociña atópase en continuo crecemento.

En (14), (15) e (16), de súa vez, resulta evidente que, entre outros, faltan signos de puntuación entre os elementos destacados en negriña:

(14) Por estás razóns, a sociedade consumista na que nos convertimos estase cargando o **mundo xa** non importa se explotan ou non a nenos, se nos poñen elementos que non son bos para saúde, se os seus produtos están testados en animais, **etc...** **podríamos** sacar moitísimas máis razóns polo que os produtos son tan baratos.

(15) Paramos a pensar e vemos que todas as situacións da vida cotiá (as pelexas entre amigos, relacións laborais) e xurden polo problema de que é mellor o que ten produtos con máis calidade e non pensamos en que todos temos un aparello móvil, unha consola ou uns **tenis aínda** que non sexan os mellores seguemos tendos ahí.

(16) Na miña opinión a gastronomía acadou gran popularidade nos últimos anos debido á **moda sen embargo**, a pesar de comezar como moda, a sociedade cambiou e aceptou o mundo da cociña como algo interesante, digno e desexado.

Tendo en conta o sinalado, parece que non podemos empregar como único indicador para identificar os enunciados os signos de puntuación utilizados nos textos polas/polos estudantes. En (14), (15) e (16) faltan signos e os máis apropiados parecen, en todos os casos destacados, puntos ou puntos e comas que separen enunciados independentes.

Dado que en CORTEGAL levamos a cabo a corrección dos signos de puntuación, tomaremos esta corrección como referencia á hora de establecer os enunciados e levar a cabo a marcación dos conectores. Deste xeito, se engadimos (ou modificamos para) un punto ou un punto e coma diante dun conector introdutor dunha unidade independente, tal conector será considerado textual e recibirá a correspondente anotación. Así, por exemplo, en (16), onde engadimos punto e coma entre *moda* e *sen embargo*, etiquetamos *sen embargo* como conector textual. O mesmo sucede con *deste modo* en (17), onde modificamos unha coma por un punto e coma:

(17) Pero se unha familia se posiciona no lugar da outra comprenderá a súa posición, **deste modo** chegarán a un punto común no que un produto non sexa dunha calidade moi mala pero que o seu coste tampouco sexa moi elevado. [*Corrixido para*¹: Pero se unha familia se posiciona no lugar da outra comprenderá a súa posición; **deste modo**, chegarán a un punto común no que un produto non sexa dunha calidade moi mala pero que o seu coste tampouco sexa moi elevado].

O mesmo vale para aqueles casos en que parece máis acaída para a corrección o engadido dunha conxunción coordinante, como sucede en (18).

(18) Tanto a produtividade e o consumismo, a grandes escalas é perxudicial, **tamén** afecta ao carácter da xente, vólvese máis materialista, derrochan máis, etc. [*Corrixido para*: Tanto a produtividade e o consumismo, a grandes escalas é perxudicial e tamén afecta ao carácter da xente, vólvese máis materialista, derrochan máis, etc.].

Aínda que nós engadamos a conxunción coordinante **e** (e non un punto ou punto e coma, que serían igualmente posibles) tal conxunción non estaba presente no texto da/do estudante, de modo que debemos considerar **tamén** como un conector textual que serve para vincular os dous enunciados delimitados por el.

Agora ben, cando a corrección se realiza no sentido contrario (isto é, se substituímos un punto por unha coma ou por cero para indicar que a división en dous enunciados non é apropiada), partiremos da puntuación realizada pola/o estudante, e non da súa corrección, á hora de anotar os conectores. Téñase en conta que neste caso existe unha marcación explícita do comezo dun novo enunciado (e unha marcación dobre: punto e maiúscula inicial) e ademais interesa coñecer en que casos as/os estudantes empregan como conectores textuais elementos que normalmente non realizan ese papel (ou non nese contexto). Así, por exemplo, en (19), (20) e (21) marcaremos os elementos

¹ En todos os exemplos ofrecidos no documento, corriximos só os aspectos directamente relacionados cos conectores e non outros moitos problemas que se poden encontrar nos exemplos presentados.

destacados en negriña como conectores textuais, posto que así os está tratando a/o estudante que escribiu o texto.

(19) Actualmente o consumismo forma parte do noso día a día, pois a sociedade está globalizada. Hoxe en día, todo o que temos é producido en fábricas, como a roupa, os alimentos, os libros, etc... **Polo que** se a sociedade deixase de consumir produtos, as fábricas deixarían de producir e produciríase unha xigantesca crise económica

(20) Para rematar, constatar a vixencia e actualidade do tema así como a súa importancia no mundo contemporáneo. **Aínda que** é unha pena que cada vez somos menos os que producimos e máis os que consumimos da forma máis barata posible.

(21) Actualmente a meirande parte do mundo ten implantado un sistema capitalista. **Isto é**, baseado no capital (diñeiro, bens ...) para a obtención de calquer servizo, ben de consumo, etc.

Pola contra, tal e como xa indicamos, no caso de que, en contextos como os de (19), (20) e (21), a/o estudante empregue punto e coma en vez de punto, non consideraremos que está delimitando enunciados (vid. exemplos 9, 10 e 11) e non marcaremos os correspondentes conectores.

Observacións:

1. Nalgúns casos, na corrección discursiva realizada en CORTEGAL, introducimos algúns conectores textuais para darlle cohesión ao texto (22) ou ben substituímos algúns conectores oracionais por conectores textuais tras realizar modificacións na puntuación do texto co obxectivo de lograr enunciados menos complexos (23). Por suposto, estes conectores non se anotan en ningún momento, posto que son introducidos polo equipo editor e non polas/polos estudantes.

(22) Ser gastrónomo debe ser un bo traballo xa a todo o mundo lle gustaría comer un novo prato cada día. Ser gastrónomo tamén tería os seus problemas xa que terías que viaxar moito e poderías probar pratos que non che gustasen. [*Corrixido para*: Ser gastrónomo debe ser un bo traballo xa a todo o mundo lle gustaría comer un novo prato cada día. **Con todo**, ser gastrónomo tamén tería os seus problemas xa que terías que viaxar moito e poderías probar pratos que non che gustasen] [*Con todo* non se anota anota como conector textual].

(23) Por outra parte ter certa idea de gastronomía, ben sexa na teoría ou na práctica, supón un certo prestixio o cal, pese a seren algo superfluo, adquire relevancia ao ubicarse nun panorama social onde a cultura encontrase sutilmente ignorada, e no que impera por influencia suxestiva da televisión, as revistas e as redes sociais unha fascinación vaga e superficial polo novo, o innovador, o rompedor etc... **polo que** a escasa cultura que a maioría comparte, convertese tamén en presa desta forma de valorar as cousas da vida e a sociedade. [*Corrixido para*: [...] vaga e superficial polo novo, o innovador, o rompedor etc... **Daquela**, a escasa cultura que a maioría comparte, convertese tamén en presa desta forma de valorar as cousas da vida e a sociedade] [Nin *daquela* nin, por suposto, *polo que*, son anotados como conectores textuais].

2. En ocasións encontramos un punto no texto que non vai acompañado da presenza dunha maiúscula inicial na palabra a seguir. Nestes casos, teremos en conta a puntuación máis plausible para o texto, de maneira que anotaremos ou non o conector en función desta. Así, por exemplo, en (24), corriximos mediante a eliminación do punto e non marcamos *ou* como conector textual.

(24) A maior parte das empresas con éxito no noso país son as que producen en grandes cantidades e exportan a outros países como por exemplo o sector dos viños en Galicia que hoxe exporta a un montón de países estranxeiros. **ou** o sector téxtil como ZARA.

En cambio, se se dá a situación contraria (falta o punto final e figura maiúscula inicial), consideraremos que a/o estudante omitiu o punto por erro e que, daquela, existe a vontade de poñer un límite entre enunciados. Téñase en conta que non é infrecuente esta omisión involuntaria de puntos ao final dos enunciados. Daquela, se no contexto indicado figura un conector, este será considerado textual e será anotado.

3. Dificultades relativas ao establecemento dos conectores

Tal e como indicamos en § 1, os conectores textuais son elementos que vinculan enunciados ou grupos de enunciados establecendo entre eles algún tipo de relación semántica (consecuencia, exemplificación, conclusión etc.). Sinalamos así mesmo que teñen con frecuencia carácter parentético, aínda que existen excepcións, posto que algunhas conxuncións que non teñen ese carácter, como *e*, *pero* ou *pois*, poden servir como conectores intraoracionais, pero tamén como conectores textuais (ademais, encontramos, tal e como acabamos de ver, algúns usos de locucións conxuntivas, como *aínda que* ou *polo que*, como conectoras de enunciados). Por outra banda, moitos conectores textuais son elementos complexos, constituídos por varias palabras (*con todo*, *aínda así*, *en conclusión*, *por exemplo*...). Nótese que os elementos cos que acabamos de exemplificar presentan fixación estrutural, de tal xeito que están gardados como un todo na memoria e se insiren en bloque nos textos. Unha proba desta fixación é a imposibilidade de modificar os constituíntes de tales unidades: **en interesante conclusión*, **por exemplo final*.

3.1 Expresións con baixo grao de fixación

A fixación é unha propiedade gradual, de tal xeito que se pode presentar en maior ou menor medida. Existen algunhas expresións que serven para establecer un vínculo entre enunciados, funcionalmente equivalentes a claros conectores textuais e que teñen carácter parentético, pero cuxo grao de lexicalización é desde logo inferior ao das expresións anteriormente citadas. Un exemplo deste tipo de expresión é a frase *para concluír*, funcionalmente equivalente ao indiscutible conector textual *en conclusión*, de carácter parentético, tal e como se pode ver en (25), e de aparición recorrente (17 exemplos en CORTEGAL)

(25) **Para concluír**, é tan importante o papel duns como o dos outros pero se non hai diñeiro para consumir, o consumo diminuíra provocando un "efecto bolboreta" na sociedade.

Agora ben, por outro lado, *concluír* admite complementos (por exemplo, "para concluír a reflexión"), o cal afasta esta expresión dos conectores prototípicos.

Agora ben, tendo en conta que o obxectivo da anotación que levamos a cabo é ofrecer unha listaxe das formas empregadas para establecer vínculos semánticos entre enunciados, consideramos preferible adoptar unha actitude aberta e lasa, incluíndo

entre os conectores secuencias do tipo da indicada, sempre e cando se dean as dúas seguintes circunstancias:

- 1) A expresión establece un tipo de relación que pode expresarse tamén a través de conectores monoverbais ou ben de conectores pluriverbais claramente lexicalizados.
- 2) A expresión ten carácter parentético

De acordo co indicado, **non marcaremos** algunhas estruturas que transmiten o mesmo valor ca os conectores textuais, pero non teñen o carácter parentético sinalado, como ocorre en (26):

(26) **Podemos concluir que** o consumo e a produción son beneficiosos para o desenvolvemento dunha sociedade. [= **En conclusión**, consumo e a produción son beneficiosos para o desenvolvemento dunha sociedade.

3.2 Entrecruzamento con outros recursos cohesivos

Como é ben sabido, ademais dos conectores textuais, existen outros mecanismos que permiten dotar de cohesión a un texto. Entre eles, debemos mencionar a referencia. Mediante este mecanismo, unha partícula gramatical remite a outro punto do texto para obter a súa correcta interpretación semántica, establecendo deste xeito un vínculo entre o lugar do texto en que aparece a partícula e o lugar ao que remite.

(27) A consecuencia do impacto das novas tecnoloxías é un aumento na produción deste tipo de aparellos que ven dado polo aumento no consumo, é dicir, na compra destesartiluxios. **Isto** significa máis traballo para as empresas e redución da taxa de paro.

Nas listaxes de conectores textuais que se ofrecen, non é infrecuente encontrar algúns que inclúen algunha desas partículas gramaticais. É o caso da expresión *por iso*, que se ofrece adoito na listaxe de conectores con valor consecutivo.

(28) A medida que nós aumentamos o noso consumo, estamos participando no incremento da produtividade nas empresas. **Por iso**, ás empresas, interésalles venderse e facerse ver para así incrementar as súa produción

Agora ben, podería argumentarse que o innegable valor conectivo de *por iso* radica na presenza do elemento referencial *iso* e que non debería, daquela, considerarse un conector textual. Unha vez máis, apelamos a un criterio flexible na anotación, de tal xeito que etiquetaremos como conectores formas como *por iso*, *por isto*, *por esta razón*, *por este motivo* etc. ou outras portadoras de valores diferentes, como *paralelo a isto*, *ademais disto*, *malia o dito*... sempre que presenten carácter parentético e poidan ser substituídos por elementos que son inequivocamente conectores textuais (*por tanto*, *daquela*, *en consecuencia*; *paralelamente*; *ademais*...). En caso contrario tales expresións non se anotarán. Isto último é o que sucede, por exemplo, en (27), onde a expresión *por iso*, que funciona como foco do enunciado, non é parentética e non é substituíble por un conector.

(29) En conclusión a evolución da gastronomía é un tren que non ten freos. Xa que a xente se está dando conta do ben que nos sentimos cando cocinamos para os nosos clientes ou para os nosos familiares e os facemos sentir felices. **Por iso** é tan importante a gastronomía, xa que nos da felicidade e iso hoxe en día é moi necesario.

Tampouco serán anotados aqueles usos en que as expresións indicadas aparecen en estruturas focalizadoras, como en (30) ou (31):

(30) É **por iso** que, na miña opinión, gastronomía e economía están moito máis ligadas do que pode aparentar nun primeiro momento.

(31) É **por esta razón** que creo que non ten nada de pasaxeiro, cada día máis e máis xente interésase pola cociña

Outro elemento que pode ofrecer dúbidas á hora da anotación é *así*, posto que nalgúns casos se comporta claramente como conector (32), pero noutras ocasións como partícula gramatical con valor referencial, cumprindo un papel semántico na oración da que forma parte (33).

(32) Coa chegada das revolucións industriais, a produtividade aumentou moitísimo. As máquinas substituían ás persoas e isto permitía producir a mesma cantidade de produto en moito menos tempo.

Así, cada zona ou país especializouse na produción de aqueles produtos cuxas materias primas necesarias na elaboración estivesen preto.

(33) Así que hoxe tócanos vender os nosos pobos coa gastronomía dado que a cultura xa non interesa. **Así** o dicía meu pai, vir a festa do marisco para ver autobuses pasar, tamén pode estar ben.

Só serán anotados os casos do tipo de (32) e non aqueles do tipo de (33). Coherentemente, tampouco se anotarán aqueles casos en que *así* aparece nunha estrutura focalizadora, como en (34):

(34) É **así** que se potencian certos modelos de comida como as típicas "tapas" ao estilo español.

3.3 Vínculos externos

Nalgúns casos, parece que a/o estudante establece unha conexión non con outros enunciados do texto que está escribindo, senón co texto previo ao que fai referencia o enunciado da pregunta que se lle formula ao estudante, ou con este mesmo enunciado. Isto é o que sucede, por exemplo, cun texto que comeza con *En efecto*.

(35) **En efecto**, agora está de moda ir a eses restaurantes con chefs que son estrelas michelin ou algún outro recoñecemento de prestixio.

Dado que estes elementos serven para vincular enunciados, aínda que pertencen a textos diferentes², serán etiquetados en CORTEGAL.

Pola contra, non marcaremos aqueles elementos que parecen establecer vínculos cos coñecementos compartidos, e non con outros enunciados ou textos, como parece

² Con todo, tamén poderíamos falar do exame como un único texto.

ocorrer con *tamén* en (34), que se vincula coa idea, non explícita no texto, de que as mulleres eran as persoas que tradicionalmente realizaban as tarefas culinarias:

(36) Outra das razóns polas que se xustifica a popularización da cociña como "hobbie" pode ser porque nesta nova sociedade igualitaria os homes **tamen** cociñan

4 Clasificación dos conectores

Existe un gran número de taxonomías de conectores textuais, con maior ou menor complexidade e riqueza de matices e con clases e agrupamentos bastante diverxentes dunha a outra. Nós ofrecemos unha proposta propia, que resulta da análise dalgunhas das taxonomías existentes e dos propios textos de CORTEGAL. Non levamos a cabo unha análise moi matizada dos diferentes valores portados polos conectores, pois unicamente temos por obxectivo ofrecer unha ferramenta que auxilie as persoas interesadas na análise dos conectores textuais, para que estas despois leven a cabo un estudo máis pormenorizado. Os tipos, códigos, valores e mostras de exemplos (extraídos de CORTEGAL) ofrécense na Táboa 1, onde na columna “Conectores” se destaca en letra grosa o elemento que levará a etiqueta nos conectores pluriverbais.

| Tipo | Código | Valor | Conectores | Observacións / Exemplos |
|---------|--------|---|--|--|
| Adición | ad | Indica que o elemento introducido se suma ao dito anteriormente na argumentación, mesmo reforzádo (de feito, é máis) ou que se dan ao mesmo tempo os dous feitos. | <i>ademais, a maiores, ao mesmo tempo, á parte, asemade, así mesmo, á vez, da mesma maneira, de feito, do mesmo xeito, e, é máis, nin sequera, paralelamente, paralelo a isto, tamén, tampouco, mentres tanto, por se fose pouco</i> | |
| Causa | caus | Introducen a causa do expresado no enunciado ou enunciados previos | <i>pois, porque, xa que, ao fin e ao cabo</i> | Unicamente se marcarán con este valor cando comezan enunciado: “A pesar de todos estos factores que afectan claramente ó consumismo, nuns casos para ben e noutros para mal, a situación de España actualmente, na miña opinión é : moita produtividade, tendo en conta o consumismo , repito, na maioría dos casos. Pois ca crise que hay oxe en día o consumismo viuse reducido en gran |

| | | | | |
|--------------|---------|--|--|--|
| | | | | medida en comparacións cuns anos atrás”. |
| Comentadores | coment | Introducen un comentario ao dito anteriormente | <i>dito isto, pois, pois ben,</i> | |
| Conclusivos | concl | Introducen a conclusión á que se chega a partir do exposto previamente ou o seu resumo | <i>a modo de conclusión, como conclusión, en conclusión, en definitiva, en resumo, en síntese, para concluir , para sintetizar, resumindo</i> | |
| Confirmación | confirm | Introducen un argumento, explicación... que serve para confirmar o que se acaba de dicir | <i>en efecto, efectivamente, si</i> | Etiquétase <i>si</i> en contextos deste” tipo: Por outra parte, a comida converteuse agora nunha moda: <i>si</i> , por increíble que pareza, o feito de que comas en tal sitio ou comas en tal outro...” |
| Consecuencia | cons | Introducen a consecuencia do expresado no enunciado ou enunciados previos | <i>a causa disto, así, así pois, así que, como consecuencia, daquela, debido a isto, desta forma, desta maneira, deste modo, deste xeito, en consecuencia, entón, logo, pois, polo que, polo tanto, por consequinte, por esta(s) razón(s), por este</i> | Conectores como <i>polo que</i> ou <i>así que</i> só se marcarán cando introducen enunciados |

| | | | | |
|---|-----------|--|--|---|
| | | | <i>motivo, por (todo) iso, por (todo) isto, por tanto, xa que logo</i> | |
| Contraargumentación | contraarg | Introducen algún aspecto que se opón ao dito anteriormente | <i>aínda así, con todo, contrariamente, de todas formas, en calquera caso, en cambio, iso si, mais, non obstante, pero, pola contra, porén, sen embargo</i> | |
| Disxunción | disjunc | Introducen unha alternativa ao que se acaba de expoñer | <i>ou</i> | Estes conectores só se marcarán cando introducen enunciados. |
| Exemplificación | exempl | Introducen un exemplo do que se acaba de expoñer | <i>así, concretamente, en concreto, por exemplo, sen ir máis lonxe</i> | |
| Finalidade | Fin | Introducen a finalidade do expresado no enunciado ou enunciados previos | <i>para</i> | Conectores deste tipo se marcarán cando introducen enunciados |
| Ordenadores: expresións con referencia temporal | ord_t | Serven para organizar o discurso indicando a posición que ocupa cada elemento no proceso argumentativo ou expositivo do texto. | <i>á súa vez, despois, en primeiro (segundo... último) lugar, finalmente, logo, para acabar / comezar / empezar / finalizar / rematar, por último, primeiramente, primeiro</i> | |

| | | | | |
|---|--------|--|--|--|
| Ordenadores: expresións con referencia espacial | ord_sp | Serven para organizar o discurso distribuíndo os feitos expostos en diferentes apartados | <i>Por un / outro lado, por unha / outra banda, por unha / outra parte, pola súa banda</i> | |
| Reformuladores | reform | Serven para explicar ou presentar doutra forma o que se acaba de expoñer previamente | <i>é dicir, explícome, isto é</i> | |

Táboa 1. Clasificación dos conectores

